

**Estamento de Clubs:**

- 1.- A.C.D. Albatros
(Representa: D. Miguel Ángel Reboredo Otero)
- 2.- Círculo Ferrolano de Ajedrez
(Representa: D. Juan V. Rodríguez Rey).
- 3.- Club de Ajedrez Escola Padrón
(Representa: D. Antonio Espiñeira Cajaraville)
- 4.- Club de Ajedrez Recatelo
(Representa: D. Antonio Nieto Velado)
- 5.- Club de Iniciativas Deportivas Universitarias
(Representa: D. Daniel Codesido Sánchez).
- 6.- Club Xadrez Brétema
(Representa: D. Jesús Rodríguez Pérez)
- 7.- Club Xadrez Fontecarmoa
(Representa: D. Ángel Fco. Vilas Fernández)
- 8.- Club Xadrez Mos
(Representa: D. César Pérez Novás)
- 9.- Escola Xadrez Sigrás
(Representa: D. Francisco Pedreira Giralda)
- 10.- TDFC
(Representa: D. Javier I. Mazaira Alba)

Estamento de Deportistas:

- 11.- D. Alexandre Rodríguez Sigler
- 12.- D. Brais Otero Nogueira
- 13.- D. Carlos A. Reboredo Otero
- 14.- D. Jose M^a Dorado Reboredo

Estamento de Árbitros

- 15.- D. Evaristo Rodríguez López

Membros da Xunta Directiva:

- 16.- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente)

En Vigo, sendo ás 11:00 horas do 14 de Xuño de 2025, en segunda convocatoria, e coa asistencia dos asembleístas citados na marxe, e cá presenza do Sr. Presidente da Federación Galega de Xadrez celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA, coa seguinte

Orde do Día:

1. Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.
2. Memoria Deportiva 2024. Aprobación, se procede.
3. Memoria económica 2024. Aprobación, se procede.
4. Protocolo protección nenos/as. Aprobación, se procede.
5. Regulamento de licenzas. Aprobación, se procede.
6. Convenio de integración na FEDA. Aprobación, se procede.
7. Orzamento 2026. Aprobación, se procede.
8. Calendario e proxecto deportivo da tempada 2026. Aprobación, se procede.
9. Rogos e preguntas.

Publicada previamente na páxina web da Federación (www.fegaxa.org), iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

Así mesmo, entrégase copia dos documentos en papel aos asistentes.

Intervén como moderador D. Ángel Francisco Vilas Fernández (Vpte. FEGAXA) e como asesor Xurídico D. Jesús Ángel Vázquez Forno.

1. **Acta da asemblea anterior. Aprobación, se procede.**

Publicada na web federativa con anterioridade copia do acta anterior e comentada, pregúntase se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto. Non hai dúbidas.

Votos a favor: 13

Ausencias: 3

2. **Memoria Deportiva 2024. Aprobación, se procede.**

Publicada na web federativa con anterioridade e comentada, pregúntase se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto. Non hai dúbidas.

Votos a favor: 13

Ausencias: 3

3. **Memoria económica 2024. Aprobación, se procede.**

Publicadas na web federativa con anterioridade.

Explícase o Balance de situación, así como a conta de pérdidas e ganancias, e cada programa e anexo.

Pregúntase se hai alguna dúbida ou cuestión ao respecto.

Non habendo ninguna dúbida, pásase á votación:

Votos a favor: 15

Abstencións: 1

Anexo I – Balance de situación e Anexo II – Pérdidas e ganancias.

4. **Protocolo protección nenos/as. Aprobación, se procede.**

Este protocolo foi aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o 14 de maio de 2024, conforme ao disposto na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e demais normativa de aplicación.

Como delegado e encargado de levar a cabo o protocolo nombrouse a D. Jesús Rodríguez Pérez xa que actúa como Delegado nos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas e asiste ás diferentes competicións autonómicas.

D. Jose M^a Dorado Reboredo pregunta se cada club debe ter un delegado de protección dos nenos, neas e adolecentes fronte á violencia no deporte e se se pode realizar un documento xenérico cós pasos a seguir.

O Sr. Presidente resposta que a Secretaría está a realizar nas diferentes cidades da comunidade autónoma cursos ao respecto orientado tanto aos clubs como ás Federacións.

O protocolo é o mesmo para todos e na web da Secretaría existen diferentes enlaces con toda a información correspondente.

Non habendo máis dúbidas, apróbase por unanimidade.

5. **Regulamento de licenzas. Aprobación, se procede.**

Preséntase e explícase a actualización do regulamento de licenzas en virtude do disposto no artigo 5.1.h) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, na redacción dada polo artigo 28.un da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que recolle entre as facultades da Administración deportiva autonómica a de aprobar os regulamentos de licenzas das federacións deportivas, ditouse a Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm.33, do 18 de febreiro de 2021.).

Con esta medida se pretende dotar de seguridade xurídica a todas as federacións deportivas galegas, para que ao adaptar este modelo de regulamento -entendido como un contido de mínimos- e mantendo en todo o caso a federación ás súas particularidades, poida unificarse para que sexa máis doada a súa revisión e aprobación pola Xunta de Galicia.

No Regulamento expón os datos que deberán aparecer nas licenzas expedidas polas Federacións. Como novidade, haberá que aumentar a data de nacemento de cada xogador/árbitro/adestrador, etc.

Non habendo dúbidas, apróbase por unanimidade.

6. **Convenio de integración na FEDA. Aprobación, se procede.**

Preséntase o convenio de integración na FEDA atendendo á Disposición Adicional Undécima da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, establece que as federacións deportivas españolas e autonómicas deberán adaptarse ao disposto no artigo 48 no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da mencionada norma, a cal prodúcese o 1 de xaneiro de 2023.

Non habendo dúbidas ao exposto, apróbase por unanimidade.

7. **Orzamento 2026. Aprobación, se procede.**

Preséntase aos asistentes o orzamento por programas para a tempada 2026.

Tense en conta os 6.000,00 € que deron este ano 2025 como adendas ao convenio asinado e destinado ao Programa PER (Proxectos de Especial relevancia), aumentando o orzamento ata os 151.000,00 €.

Non habendo dúbidas, apróbase por unanimidade.

Anexo III – Orzamento 2026.

8. **Calendario e proxecto deportivo da tempada 2026. Aprobación, se procede.**

O proxecto deportivo é o mesmo có presentado no Orzamento 2026.

En canto ao calendario deportivo, a Liga Galega por equipos de Club comezaría a finais do mes de Xaneiro e remataría no mes de Abril, deixando o mes de Maio para a celebración dos Campionatos "Xunta de Galicia" individuais e por equipos de xadrez Lóstrego e xadrez Rápido 2026.

Os Campionatos "Xunta de Galicia" Sub-08, Sub-14 e Sub-18 celebraríanse nas datas do Entroido (14 ao 17 de Febreiro de 2026) e as categorías Sub-10, Sub-12, Sub-16 e Absoluta en Semana Santa (do 28/03 ao 05/04/2026).

Non habendo dúbidas ao respecto, aprobase por unanimidade.

Anexo IV – Calendario Deportivo 2026.

9. **Rogos e preguntas.**

D. Antonio Nieto Velado ten unha pregunta sobre as subvencións concedidas pola SXD xa que existen varios deportes, como billar, baile moderno ou pin pon, que recibiron cantidades máis altas que algúns dos clubs de xadrez; é por elo se existe alguna posibilidade de solicitar os baremos que utilizan para dar as cuantías finais.

D. Gaspar Pérez resposta que os baremos publícanse na convocatoria da subvención pero que as esas puntuacións finais que se otorga a cada entidade solicitante, as federacións non temos forma de sabelo.

D. Brais Otero Nogueira solicita que se pubriquen os criterios de selección e rechazo dos árbitros asignados para as diferentes competicións autonómicas.

O Sr. Presidente informa que os criterios a ter en conta son, principalmente, a rotación, a cualificación e se precisan ir de adxuntos para obter normas de Árbitro Nacional, Fide ou Internacional.

D. Francisco Pedreira Giralda expón que, anteriormente, debido a nova estrutura da Liga Galega cá creación da categoría Preferente, a Segunda División iba a ser a nova Terceira; polo que quere saber se se aumentará o número de equipos filiais por grupo. Ata agora está determinado en máximo 2 equipos filiais por club.



D. Ángel Fco. Vilas responde que ese tema está en valoración e estudiándose; pero, de momento, ao só haber celebrado unha tempada cá nova estrutura, haberá que esperar a súa evolución nas vindeiras tempadas.

D. Javier I. Mazaira Alba propón á hora de realizar os grupos para a Liga que se teña en conta os equipos filiais, é dicir, que en vez de sortear prazas dun grupo a outro con equipos que só ten un equipo na zona, que se existen equipos filiais; un desos equipos, vaia, por defecto, ao outro grupo evitando así ter que desprazar equipos da zona a outra.

Tamén con ese sistema evitariase que grupos de Terceira División haxa 2, 3 ou 4 equipos filiais nun mesmo grupo e eliminaríase o factor a favor que con elo conleva.

Ao non haber nada máis que tratar, levántase a sesión ás 13:10 horas.

Vº e praxe:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA

ANEXO I – BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2024 / 31-12-2024; Período N-1: 01-01-2023 / 31-12-2023.-

Fecha: 31-12-2024

(Importes en euros)

ACTIVO		
DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2024	Ejercicio 2023
A) ACTIVO NO CORRIENTE.		
II. Inmovilizado material.		
21. Inmovilizaciones materiales.	77.353,54	77.353,54
281. Amortización acumulada del inmovilizado material.	- 77.353,54	- 77.353,54
B) ACTIVO CORRIENTE.	46.344,63	45.956,92
II. Deudores por operaciones de actividad entidades deportivas.	6.285,86	1.322,86
I. Afiliados y otras entidades deportivas.	6.285,86	1.322,86
431. Clubes y entidades deportivas por licencias.	6.230,86	1.322,86
433. Federados y entidades deportivas.	55,00	15,00
VI. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes.	40.058,77	44.634,06
57. Tesorería.	40.058,77	44.634,06
TOTAL ACTIVO.	46.344,63	45.956,92

PATRIMONIO NETO Y PASIVO		
DESCRIPCIÓN	Ejercicio 2024	Ejercicio 2023
A) PATRIMONIO NETO.	28.309,45	28.309,45
A-1) Fondos propios.	28.309,45	28.309,45
I. Fondo social.	28.309,45	30.912,98
1. Fondo social estatuario.	28.309,45	30.912,98
101. Fondo social Federación Galega de Xadrez.	28.309,45	30.612,98
VII. Resultado del ejercicio.		- 2.603,53
129. Resultado del ejercicio.		- 2.603,53
C) PASIVO CORRIENTE.	1.473,57	17.647,47
IV. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar.	1.473,57	17.647,47
1. Proveedores.	- 8,02	12.096,60
400. Proveedores.	- 8,02	12.096,60
2. Otros acreedores.	1.481,59	5.550,87
41. Acreedores varios.	772,30	4.256,87
475. Hacienda Pública. acreedora por conceptos fiscales.	145,50	753,26
476. Organismos de la Seguridad Social. acreedores.	563,79	540,74
TOTAL	29.783,02	45.956,92
RESULTADO EJERCICIO	16.561,61	
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO.	46.344,63	45.956,92

ANEXO II – PÉRDIDAS e GANANCIAS

Cuenta de Perdas e Ganancias

FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ

Período: 01-01-2024 / 31-12-2024; Período N-1: 01-01-2023 / 31-12-2023.- Fecha: 31-12-2024

(Importes en euros)

PERDIDAS Y GANANCIAS	(notas memoria)	Ejercicio 2024	Ejercicio 2023
1. Ingresos por actividad ordinaria.		85.428,50	67.718,00
701. Licencias deportistas, árbitros, entrenadores, clubs, equipos. (apdo. 9)		70.173,00	54.816,00
703. Docencia, cursos, tecnificación. (apdo. 9)		4.576,00	1.967,00
706. Competiciones, torneos, actividad deportiva. (apdo. 9)		10.679,50	10.685,00
709. Otros ingresos. (apdo. 9)		0,00	250,00
5. Otros ingresos de explotación.		61.701,00	59.073,00
740. Subvenciones y donaciones de explotación del ejercicio. (apdo. 9)		61.701,00	59.073,00
6. Gastos de personal.		- 22.557,64	- 21.856,53
64. Gastos de Personal. (apdo. 9)		- 22.557,64	- 21.856,53
7. Otros gastos de explotación.		- 108.010,25	- 104.765,04
62. Servicios exteriores. (apdo. 9)		- 12.629,02	- 14.682,91
631. Otros tributos. (apdo. 9)		- 7,50	0,00
65. Otros gastos de gestión y organización de competiciones. (apdo. 9)		- 95.373,73	- 90.082,13
8. Amortización del inmovilizado.		0,00	- 2.772,96
68. Dotaciones para amortizaciones. (apdo. 9)		0,00	- 2.772,96
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN.		16.561,61	- 2.603,53
B) RESULTADO FINANCIERO.			
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS.		16.561,61	- 2.603,53
D) RESULTADO DEL EJERCICIO.		16.561,61	- 2.603,53

ANEXO III – ORZAMENTO 2026

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ

ANO 2026

ORZAMENTO DETALLADO POR PROGRAMAS.		
GASTOS		ORZAMENTO
P.1.-	GASTOS XERAIS DE FUNCIONAMENTO.	37.800,00 €
1.-	Gastos de persoal.	29.500,00 €
1.1.	Persoal administrativo, Seguridade Social, IRPF.	25.000,00 €
1.2.	Asembleas, xuntas directivas, comisións delegadas e outras.	2.500,00 €
1.3.	Dietas de directivos, administrativos, técnicos e outros.	2.000,00 €
2.-	Gastos en bens correntes e servizos.	8.300,00 €
2.1.	Correos e mensaxería.	600,00 €
2.2.	Material de oficina.	1.200,00 €
2.3.	Xestións páxina web e programas informáticos.	1.000,00 €
2.4.	Telefono e internet.	600,00 €
2.5.	Gastos de asesoría.	2.600,00 €
2.6.	Gastos financeiros.	100,00 €
2.7.	Primas de seguros.	1.400,00 €
2.8.	Gastos de auditoría.	0,00 €
2.9.	Outros gastos.	800,00 €

25,03%

P.3.- CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SELECCIÓNCS CSD.	8.000,00 €	5,30%
1. Campionatos de España de Seleccióncs Sub-14, Sub-16.	8.000,00 €	
P.4.- ACTIVIDADE DEPORTIVA ORDINARIA.	105.200,00 €	69,67%
1. Campionatos galegos Sub-8, Sub-14, Sub-18.	6.000,00 €	
2. Campionatos galegos Sub-10, Sub-12, Sub-16, absolutos.	14.000,00 €	
3. Campionato Galego Individual Xadrez Rapido.	1.500,00 €	
4. Campionato Galego Individual Xadrez Relampago.	1.500,00 €	
5. Campionatos Provinciais.	2.900,00 €	
6. Liga Galega, programas de xestión deportiva.	38.000,00 €	
7. Campionatos galegos de xadrez lóstrego e rápido por equipos.	2.500,00 €	
8. Circuito Galego de Promoción.	2.200,00 €	
9. Circuito Internacional Galego.	6.000,00 €	
10. Participación deportistas nos Campionatos Internacionais.	700,00 €	
11. Participación deportistas nos Campionatos de España.	16.000,00 €	
12. Participación dos clubs nos Campionatos de España.	3.500,00 €	
13. Participación das Seleccióncs galegas.	800,00 €	
14. Outras actividades.	500,00 €	
15. Adestramentos por internet.	5.000,00 €	
16. Concentracióncs deportivas.	1.600,00 €	
17. Outras actividades, fomento e promoción deportiva.	500,00 €	
18. Cursos de Arbitros.	500,00 €	
19. Cursos de Monitores-Adestradores.	500,00 €	
20. Seminario de Arbitros e Adestradores.	500,00 €	
21. Outros Cursos.	500,00 €	
GASTOS TOTAIS :	151.000,00 €	

INGRESOS	ORZAMENTO	
1. Secretaría Xeral para o Deporte	68.000,00 €	45,03%
2. Licencias individuais e cuotas de entidades Federadas	67.000,00 €	44,37%
3. Cuotas de inscrición a Cursos e outros.	3.400,00 €	2,25%
4. Campionatos e torneos.	9.600,00 €	6,36%
5. Outros ingresos.	3.000,00 €	1,99%
INGRESOS TOTAIS :	151.000,00 €	

ANEXO IV – CALENDARIO DEPORTIVO 2026



**CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2026
FEDERACION GALEGA DE XADREZ**

CAMPIONATOS PROVINCIAIS :

CATEGORIA	RITMO MINIMO	DATAS:	CATEGORIA	RITMO MINIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre : 02/01/2026 eo 18/01/2026	Sub-14	45 minutos por xogador	Entre : 02/01/2026 eo 18/01/2026
Sub-18	1 hora por xogador		Sub-12	30 minutos por xogador	
Sub-16	45 minutos por xogador		Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	14/02/2026	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	14/02/2026	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	15/02/2026	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	15/02/2026	Domingo
CAMPIONATO GALEGO SUB-14 e SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	14/02/2026	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	15/02/2026	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	16/02/2026	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	17/02/2026	Martes

CAMPIONATO GALEGO SUB-10 e SUB-12 60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	28/03/2026	Sábado
	3ª rolda	18:30 h.			28/03/2026	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	29/03/2026	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			29/03/2026	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	30/03/2026	Luns
CAMPIONATO GALEGO SUB-16 1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	28/03/2026	Sábado
	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	29/03/2026	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	30/03/2026	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	31/03/2026	Martes
CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS 1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	1ª rolda	10:00 h.			02/04/2026	Xoves
	2ª rolda	17:00 h.			02/04/2026	Xoves
	3ª rolda	10:00 h.			03/04/2026	Venres
	4ª rolda	17:00 h.			03/04/2026	Venres
	5ª rolda	10:00 h.			04/04/2026	Sábado
	6ª rolda	17:00 h.			04/04/2026	Sábado
	7ª rolda	09:30 h.			05/04/2026	Domingo
	8ª rolda	16:00 h.			05/04/2026	Domingo
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.						
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non é igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.						

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

	ROLDAS	DATAS		ROLDAS	DATAS
90 min. + 30 seg/xogada en División de Honra, Preferente, 1ª División e 2ª División. 3ª División xogarán 60' + 30"/xogada Descanso do 14/02/26 ao 17/02/26 (Entroido)	1ª	24/01/2026	Descanso do 28/03/26 ao 05/04/26 (Semana Santa) Hora comenzo: 17:00 h.-	7ª	14/03/2026
	2ª	31/01/2026		8ª	21/03/2026
	3ª	07/02/2026		9ª	11/04/2026
	4ª	21/02/2026		10ª*	18/04/2026
	5ª	28/02/2026		11ª*	25/04/2026
	6ª	07/03/2026			

(*) Realizarase á promoción de ascenso á División de Honra atendendo ao estipulado no apartado 2.1 do Artigo 62 do Regulamento Xeral de Competicións.

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB	16 e 17 Maio 2026	Lóstrego / Rápido
--	-------------------	-------------------

CAMPIONATOS GALEGOS INDIVIDUAIS LÓSTREGO e RAPIDAS: 23 e 24 de Maio 2026.

XXXVII CIRCUITO INTERNACIONAL GALEGO DE XADREZ: Meses de maio a novembro.

XIX CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN: Meses de maio a novembro.